



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2015

1.OBXECTO

O Concello de Cotobade realiza durante a segunda quincena de xullo os Campamentos con pernocta “Campalredo 2015”.

Estes campamentos van destinados a rapaces de 7 a 16 anos.

Para o desenvolvemento destas actividades utilizaranse as dependencias do CEIP de Carballedo, situado no lugar de Cuqueira-Carballedo.

Características do proxecto

A empresa adxudicataria deberá executar un proxecto lúdico-educativo de campamento con pernocta coas características sinaladas no apartado anterior.

O proxecto debe de ter unha orientación cara a consecución de hábitos de vida saudable, promover a igualdade de xénero e o respecto ao medio ambiente.

O proxecto conterá un cronograma de actividades diferenciado para os dous grupos de idade con actividades previstas a realizar e actividades que se realizarán en caso de mal tempo.

Proxecto lúdico-educativo:

Describir de forma xeral o proxecto presentado, indicando:

- Obxectivos

Deben de ter unha orientación cara a consecución de hábitos de vida saudable, promover a igualdade de xénero e o respecto ao medio ambiente.

- Estrutura funcional do campamento

Cronograma das actividades: Neste proxecto deberá presentarse un cronograma de actividades diferenciado para os dous grupos de idade con actividades previstas a realizar e actividades que se realizarán en caso de mal tempo.

- Organización das actividades e a súa metodoloxía
- Descrición dos medios materiais que se van a empregar nas actividades



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

- Especificación das medidas de seguridade durante o desenvolvemento das actividades, especialmente en momentos de baño e saídas
- Organización de actividades fora do recinto

2.PRAZAS OFERTADAS

Un total de 60 prazas, distribuídas do seguinte xeito:

Semana do 12 ao 18 de xullo rapaces de 7 a 11 anos, 30 prazas.

Semana do 19 ao 25 de xullo rapaces de 12 a 16 anos, 30 prazas.

3.RECURSOS HUMANS

Deberase detallar o equipo de traballo, que deberá de contar como mínimo con:

- a. Director/a: Deberá contar co título de director de actividades de tempo libre.
- b. 3 Monitores: Deberán de estar en posesión do título de monitor de ocio e tempo libre.

Deberase achegar os curriculum vitae de cada un deles, valorarase a experiencia e a formación complementaria axeita ao obxecto do contrato.

Poderanse autorizar cambios na composición deste equipo, sempre e cando estea xustificado e conten cun perfil e cualificación similar. Ao mesmo tempo, debe de ser aceptado o cambio polo responsable do Concello

4.OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

A empresa adxudicataria deberá contar con todos os requisitos establecidos no Decreto 50/2000, publicado no DOG número 49 de 10 de marzo de 2000 e demais lexislación aplicable á actividade.

Cumprir o contrato de acordo as prescricións recollidas neste prego.

Desenvolver o proxecto lúdico-educativo directamente

Manter reunión cos responsables municipais

A empresa prestará o servizo de limpeza, que integrará o obxecto da prestación do servizo.



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballado 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

A empresa deberá aportar, ademais do persoal educativo, o material para a realización de actividades, así como os vehículos de apoio.

Deberá aportar unha póliza de seguro de responsabilidade civil e deberá formalizar unha póliza de accidentes para o campamento.

Facilitar a integración daqueles menores que presenten necesidades educativas especiais.

A empresa comprometése ao tratamento dos datos segundo a lei 15/1999 de 13 de decembro.

Presentar unha memoria do desenvolvemento das dúas quendas e as avaliacións das mesmas e un cd coas fotos.

5.OBRIGAS DO CONCELLO

A xestión administrativa das inscricións do campamento.

A publicidade dos campamentos.

A asunción dos gastos de alimentación (almorzo, comida, merenda e cea).

6.PREZO DO CONTRATO

O orzamento establecido para as dúas quendas de campamento ascende a un total de 8000 € (IVE incluído)

Cotobade 05 de maio de 2015

O Alcalde

Jorge Cubela López



